

## Unha carta inédita de Iglesia Alvariño a Carballo Calero

**Armando Requeixo**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

REQUEIXO, ARMANDO (2012 [2012]). “Unha carta inédita de Iglesia Alvariño a Carballo Calero”. <<http://armandorequeixo.blogaliza.org/2012/06/14/unha-carta-inedita-de-iglesia-alvarino-a-carballo-calero/>>. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2151>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

REQUEIXO, ARMANDO (2012). “Unha carta inédita de Iglesia Alvariño a Carballo Calero”. <<http://armandorequeixo.blogaliza.org/2012/06/14/unha-carta-inedita-de-iglesia-alvarino-a-carballo-calero/>>. Consulta: dd/mm/aaaa.

\* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 16 de xuño de 2012 a partir do URL indicado. Consulta: 16/06/2012.

## UNHA CARTA INÉDITA DE IGLESIA ALVARIÑO

### A CARBALLO CALERO

Armando Requeixo

Hoxe é un día especial para o escritor deste blog, que a tal hora se fixo un ano máis vello. Para celebralo —para celebrármolo entre as amigas e amigos lectores do *Criticalia*—, o voso anfitrión pensou que vos debía un agasallo, así que hoxe vou dar á luz unha carta inédita de Aquilino Iglesia Alvariño a Ricardo Carballo Calero datada o 4-2-1956. Xusto esta que podedes ver ampliada se clicades ao pé das imaxes que acompañan estas liñas e as do seguinte parágrafo\*.

Se tivestes a curiosidade de lela, veríades que é unha misiva que confirma tres cousas: dunha banda, a excelente relación que unía os dous escritores; doutra parte, o fino espírito crítico que ambos gastaban; e, terzamente, a cortesía coa que é tradición dende vello que se atencionen cruzando as súas publicacións os escritores de noso.

Respecto da primeira das cuestións ides permitirme apenas unas liñas para documentar esa estimanza autorial (e tamén amigable, xaora) que se profesaron e que se percibe na carta a propósito do envío de *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* (Gredos, Madrid, 1955), libro de Carballo Calero que, por certo, Iglesia Alvariño nunca chegou a recensionar nin escribiu sobre del ao de Ferrol, aínda que anunciase esta posibilidade na propia epístola.

Hai que lembrar que Iglesia Alvariño e Carballo Calero se coñeceran a primeiros dos anos 30, cando o de Abadín fora ao Ferrol natal do autor de *Scórpio* para cumprir co servizo militar. Dende aquela mantiveron unha fraterna amizade e unha admiración mutua, o que explica que Aquilino recensionase *O silencio axionllado* na revista *Nós* en outubro do 34 ou que despois comentase gabanciosamente a saída da novela *A xente da Barreira* no xornal *La Noche* (20-2-1951).

En xusta correspondencia, Carballo Calero escribiu un fermoso “Epitafio para Aquilino” ante a temperá morte daquel —artigo logo recollido en *Libros e autores galegos. Século XX* (1982)—, filiou comparativamente a Aquilino con Amado Carballo (en “Poesías paralelas”, programa radiado para a BBC o 13-11-1950) e aínda lle dedicou un capítulo da súa magna *Historia da literatura galega contemporánea* (1981<sup>3</sup>).

Fica, por tanto, máis que evidenciada a querenza recíproca que se demostraron e que testemuña tamén esta carta autógrafa de Aquilino, enviada, por certo, no papel timbrado do Instituto Rosalía de Castro compostelán, onde foi o abadinense catedrático de Latín dende 1952 ata o seu pasamento en 1961.

Dous grandes poetas, extraordinarios profesores e galegos bos e xenerosos aos que sempre é agradecido volver, para aprender da súa escrita e do seu maxisterio profesional e humano. En día para min tan sinalado, préstame compartir convosco o galano da súa memoria. Que o gocedes!

\* NOTA.- O autor fai referencia á edición orixinal no blog *Criticalia*. No documento actual as imaxes están situadas ao final do texto.



INSTITUTO NACIONAL DE ENSEÑANZA MEDIA  
"ROSALÍA CASTRO"  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cátedra de Latín

4 de febreiro de 1956

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero

Supo.

Meu querido: Xa fai un día que me chegou o regalo das tuas "Aportaciónes a la literatura gallega contemporánea", que che agradezo na medida que sei do teu compromiso e da mesura con que os editores obsequian o autor. Sin por arriba a versión galega e, nada máis abilito o novo libro, poido decatarme de que ven moito máis rematado. Prométoche lelo á par e pensar unha á unha as máis chamantes ideas, que son moitas, fondas e novas. Non tardarei en

mandando o resultado, ben nun traballo que  
pode salir na "Noite", ben por escrito ou da  
súa maneira.

No seu terreo, o teu libro estreme unha ma-  
neira de facelas cousas en falacia. E non cabe  
con el andar <sup>con</sup> gabanzas que a natureza compromete  
nin a natureza responden. Eu penso que serían  
máis de un os problemas que plantea. Tratar  
de descubri-lo é o que eu pretendo, co fin de cha-  
mar sobre eles a atención dos que, interesándose  
polas cousas de falacia, se entretéñen en discuti-  
tir si debieron escollerse cincuenta poetas, ou  
vinte e cinco pra representar cincuenta e cinco  
año de poesía falefa.

Querido Carallo: Ants de nada, e miña more  
boa, e sempre a miña aperte de amizade.

Huíkim Iñi